



CENTRO DE COMPETENCIAS EN COMERCIO ELECTRÓNICO

Avenida de Vigo, s/n, Campus Sur – Edificio CESGA
15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf.: 981-56 98 10, Fax: 981- 59 46 16
www.e-negociogalicia.com
info@e-negociogalicia.com

Data: / Date:	14/04/2003
A/Attn: / To:	Redacción
De:/From:	Centro de Competencias en Comercio Electrónico
Páxs. / Pags.:	1 de 2

ASUNTO:

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia lanza o primeiro boletín galego de noticias de comercio-e

O Centro de Competencias publica o primeiro boletín *on line* de comercio electrónico galego

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico vén de poñer en marcha o seu **Boletín de Novas de Comercio Electrónico**. Esta iniciativa, pioneira en Galicia, consiste nun servizo de información gratuíto e aberto que chegará vía e-mail a preto de mil subscritores cada semana.

Os contidos do Boletín céntranse nas experiencias de comercio electrónico en Galicia, pero tamén se tratan as novas de ámbito nacional e internacional relacionadas con este tema. Ademais, no Boletín inclúense as seccións **“Iniciativa da semana”**, onde se difunden as páxinas web de empresas galegas que realizan comercio electrónico, e **“O Dato”**, que ofrece as cifras máis significativas da realidade galega neste sector, a partir dos informes e-Barómetro que realiza o Observatorio do Centro de Competencias. No Boletín tamén hai información sobre as actividades e novidades do Centro.

Esta publicación electrónica, editada en galego, vaise distribuír entre máis de 1.000 PEMEs e subscritores do Centro de Competencias en Comercio Electrónico, o que a convirte na fonte de información de referencia no sector do comercio electrónico galego.

A subscrición ó Boletín de Comercio Electrónico pode facerse a través da páxina web do Centro de Competencias:

www.e-negociogalicia.com/rexistro/boletin/novo

Se quere máis información non dubide en poñerse en contacto connosco.

Reciba un cordial saúdo.

Dpto. de Comunicación
Centro de Competencias en Comercio Electrónico
www.e-negociogalicia.com
Tlf: 981 – 569810 E-mail: info@e-negociogalicia.com